

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILIGÜE CHANO PIÑEIRO  
CURSO: 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA

DATA: 13-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>BLOQUE 1</b>	
2. Tomar conciencia de que as accións persoais acercan ou separan de Deus.	2.1. Distingue e enumera accións persoais que fan feliz ou infeliz.
3. Comprender que a elección que fan Adán e Eva é un rexeitamento ao don de Deus.	3.1. Lee, identifica e explica coas súas palabras as consecuencias do rexeitamento de Adán e Eva o don de Deus, descritas no relato bíblico.
<b>BLOQUE 2</b>	
1. Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo Israel	1.1. Aprende e ordena cronoloxicamente os principais feitos da historia de Moisés. 1.2. Coñece e describe a misión de Moisés no relato bíblico.
<b>BLOQUE 3</b>	
1. Asociar o bautismo de Xesús co momento no que inicia a súa vida pública	1.1. Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.
<b>BLOQUE 4</b>	
4. Comprender que a oración do nosopai expresa a pertenza a comunidade eclesial.	4.1. Explica significativamente a orixe do Nosopai.. 4.2. Reconstrúe e dramatiza o contexto no que Xesús entrega a oración do Nosopai aos discípulos..
2. Sinalar a oración como unha forma de expresión da amizade con Deus.	2.1. Compón textos que expresen no diálogo da persoa con Dios. 2.2. Recopila e pon en común cos seus compañeiros oracións que a comunidade cristiá utiliza cotidianamente.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Análise de produción do alumnado Observación</p> <hr/> <p>Instrumentos:</p> <p>Probas creadas na propia aula virtual. Actividades para enviar como texto en liña ou como arquivo adxunto. Preguntas a través de videoconferencias.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>No cálculo da cualificación final que se establecerá na avaliación ordinaria de cada área, teremos en conta a media aritmética dos dous primeiros trimestres e o traballo desenvolvido polo alumnado neste 3º trimestre referido aos criterios e estándares de avaliación imprescindibles para o reforzo, continuidade do proceso educativo e consolidación dos dous primeiros trimestres do curso, reflectidos neste documento de adaptación e que, no caso destes últimos, solo poderán ter valor positivo para a cualificación do alumnado.</p> <p><b>Cálculo da nota ordinaria:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Se un alumno ou alumna obtivo unha nota superior ao 5 nas dúas avaliacións anteriores e entrega as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas anteriores. Segundo a avaliación do traballo realizado pode aumentar, en ningún caso diminuíla.</li> <li>2. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores, senón que pode aumentar tendo en conta que as actividades no terceiro trimestre son de reforzo e recuperación.</li> <li>3. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e non entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e non participe nas videoconferencias,</li> </ol>

	<p>a súa nota na avaliación ordinaria, será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores.</p> <p>4. Se un alumno ou alumna ten suspensas as dúas avaliacións dunha área e non participa en videoconferencias nin aporta tarefas telemáticamente ou impresas para mellorar os seus resultados e competencias, sendo informada a familia da falta de traballo na área, non acadará unha valoración positiva. O mestre ou mestra da área recollerá evidencias de ter informado a familia da situación.</p> <p>5. No informe individualizado do alumnado, que se remitirá ao finalizar o curso debe quedar recollido, de cara ao seguinte curso escolar 2020 - 2021, o traballo realizado polo alumno ou alumna no terceiro trimestre e os atrasos producidos detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas. Tamén debe quedar reflexado nas observacións do boletín de notas da avaliación ordinaria, cumprimentando este apartado en Xade.</p> <p>Será o equipo docente, na sesión de avaliación do grupo, o que decidirá a promoción do alumnado tendo en conta o nivel acadado nos criterios de promoción de nivel dados e as competencias clave, non dependendo da cantidade de áreas suspensas.</p>
--	--

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 4 DE 7	CENTRO: CURSO: MATERIA:
---	---------------	-------------------------------

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>As actividades achegadas serán actividades de creación/composición/competenciais publicadas na aula virtual. Trátase de actividades de repaso, reforzo e recuperación.</p> <p>Comprensións lectoras</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p><b>Entendemos por metodoloxía didáctica o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar o aprendizaxe do alumno/a e o logro dos obxectivos plantexados”</b></p> <p>Non traballaremos con libro de texto, imos traballar a través da Aula Virtual de Relixión Católica.. Nela aparecen diferentes enlaces a actividades, animacións, contos, mapas conceptuais, etc. Progresivamente irase colgando a información a cada tema, correlativamente ao traballo realizado na aula durante o primeiro e segundo trimestre.</p> <p>En cada tema plantexaránse os contidos ao alumnado a través dun conto, posteriormente estudaranse os conceptos propios do tema cun mapa conceptual, faranse tamén actividades, obradoiros de manualidades, probas e visionado de películas relacionadas co tema.</p> <p>Tamén a aula virtual axudará a mostrar os traballos realizados ás familias.</p> <p>Relación das diferentes propostas para traballar a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos/as.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Fichas fotocopiabiles con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de Competencias por parte dos alumnos.</li> <li>• ENSINANZA TITORIZADA, cada semana conectándose co alumnado para presentar a tarefa programada e facendo as explicacións pertinentes e resolución de dúbidas ou preguntar polos posibles problemas ante tarefas non entregadas a semana</li> </ul>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 7	CENTRO: CURSO: MATERIA:
---	---------------	-------------------------------

	<p>anterior.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.</li> <li>• LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Aula Virtual  Caderno o fichas fotocopiables.  Vídeos de Youtube relacionados coa materia.  Quizz  Lecturas para fomentar a comprensión lectoras relacionadas con parábolas ou valores relixiosos.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p><i>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</i></p> <p>Engadirei unha etiqueta na aula Virtual na que se atope este documento en formato pdf.</p> <p>Ao iniciar cada tema informarei ao alumnado na descrición do mesmo dos estándares, os criterios de avaliación e os instrumentos de avaliación de cada tema.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> <p>Informar ás familias por Abalar Móbil. Aquelas que non dispoñan de Abalar Móbil enviarase unha carta por correo ordinario ou correo electrónico, indicándolle a onde se pode dirixir para atopar a documentación.</p> <p>Na secretaría do centro, as familias que non teñan acceso a internet, poderán consultar, con cita previa, o documento impreso.</p>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 7 DE 7	CENTRO: CURSO: MATERIA:
---	---------------	-------------------------------